



A APDR ACUSA A NORFOR DE AUMENTAR O RISCO DE INCENDIOS

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) ten presentado hoxe diante da Consellería do Medio Rural denuncia contra NORFOR polas prácticas que esta empresa do grupo ENCE ven realizando nalgunhas das parcelas de monocultivo de eucalipto; trátase de parcelas alugadas ou consorciadas coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cuñas (Ponte Caldelas) nas que a citada empresa realiza aproveitamentos para a súa utilización na fabricación de pasta de papel nas instalacións industriais de Lourizán.

A APDR, que aporta probas fotográficas á denuncia, afirma que NORFOR ten aplicado no sotobosque das citadas parcelas fitocidas dun xeito masivo e continuado que afecta a unha superficie dunhas 100 hectáreas, o que ten provocado o murche da totalidade da vexetación agás os eucaliptos. Estas plantas murchas, ao secar, téñense convertido en biomasa altamente combustíbel, o que vai disparar o risco de incendios forestais que se van propagar de forma doada pola actuación irresponsábel e ilegal da empresa NORFOR. Trátase dunha actuación planificada e que, con seguridade, ten que ser frecuente noutras parcelas xestionadas pola empresa que agrava o importante risco de incendio que supón por si mesma a presenza dos monocultivos de eucalipto, especie forestal de probada convivencia co lume.

Este xeito de actuar supón unha infracción grave da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que, no seu artigo 50 (Título VII relativo ao réxime sancionador), establece como infraccións o depósito de subproductos resultantes da explotación forestal e de produtos inflamábeis sen que se cumpran condicións de acumulación, condicións que evidentemente non se dan no caso que nos ocupa, no que queda fóra de toda dúbida a consideración da biomasa acumulada por NORFOR como subproduto resultante da xestión forestal e altamente inflamábel. Evidentemente, en condicións de elevada temperatura e baixa humidade ambiental, a capacidade de propagación do lume que provoca o murche da vexetación resulta máxima, como máximos serán tamén os danos que estes incendios van provocar nos solos.

Pero, ademais, a aplicación masiva e continuada de fitocida –xunto coa utilización previa dun insecticida de amplo espectro, que se pode deducir pola ausencia de artrópodos nos solos e na vexetación da zona- non só vai provocar un grave incremento do risco de incendios, senón que vai provocar tamén un severo e irreversible dano ambiental que se vai expresar en forma de incremento do risco de erosión, destrución da diversidade biolóxica e danos aos recursos naturais. A perda da capacidade do solo para soportar vexetación logo do arrastre de compoñentes sólidos, tanto orgánicos como inorgánicos, e outras sustancias esenciais en disolución, será inevitábel e terá unha importante repercusión sobre a intensificación do efecto invernadoiro e o cambio climático. En efecto, estas prácticas, na medida en que favorecen a desaparición da materia orgánica do solo, no que se atopa a maior parte do carbono orgánico destes sistemas biolóxicos, ao poñer en circulación este carbono por arrastres supoñen un importante factor de eliminación de reservas de carbono que rematará oxidándose a CO₂ e, deste xeito, contribuirán aos fenómenos que vimos de sinalar.

Esta realidade contrasta coa información aportada hai pouco por ENCE na que a empresa non só atribuía ás súas plantacións de eucalipto unha elevada captación de CO₂ –obviando a súa responsabilidade na produción deste composto- senón que mesmo afirmaba que a súa xestión forestal é unha arma contra o lume, obviando tamén que as súas negligentes prácticas de aplicación de fitocidas son causa, como vimos de denunciar, do incremento do risco de incendios forestais.

Desde a APDR esíxese á Consellería do Medio Rural que se investigue esta situación e se proceda a sancionar a NORFOR polo dano ambiental e polo risco de incendio que provoca a



súa má xestión forestal de acordo co previsto na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo: Benito Andrade, vicepresidente.

